

→ Obxectivos

Os alumnos aprenderán a:

- Construír un muíño de vento.
- Comprobar que dependendo da forma que teña o muíño xirará cara a un lado ou outro
- Comprobar que dependendo da parte pola que lle chegue o vento xirará máis ou menos.

→ Materias

- Tecnoloxía
- Física
- Xeometría

→ Destrezas

- Construír un modelo de papel sinxelo
- Observación
- Capacidade de realizar medidas

→ Materiais




- Cartolina (un cadrado de 15 cm de lado)
- 1 alfinete
- Unha conta ou un botón pequeno
- 1 goma de borrar
- Cola para pegar papel (cola branca).

→ Realización

- 1 Nun cadrado de cartolina de 15 cm de lado copiamos o debuxo da páxina seguinte.


Debuxamos o centro e as diagonais, pero sen chegarmos ao centro.

Marcamos cun X un lado de cada esquina, coma no debuxo.



2 Cortamos as catro diagonais polas liñas de puntos, pero sen chegar ao centro da cartolina.

3 Xuntamos as catro esquinas marcadas cun X no centro. Conforme se vaian xuntando as esquinas, pegarémolas con cola branca ao centro da cartolina.




- 3 Picamos o muíño polo centro cun alfinete.
- 4 Fixamos o muíño á palliña, pondo unha conta por medio para que lle permita xirar máis libremente.
- 5 Para evitar picadas coa punta do alfinete, colocaremos unha goma de borrar na parte posterior da palliña, como se observa no debuxo.

→ Para saber máis

- Como anda mellor?

Podemos soprar de fronte ao muíño ou soprarlle por un lateral. Por que lado anda mellor?



- Segundo a montaxe os muíños xiran no sentido das agullas do reloxo ou no contrario. Cal xira en cada un dos sentidos?


Completa as seguintes frases:

- O muíño "a" xira no sentido _____
- O muíño "b" xira no sentido _____




- Pódense construír muíños con diferente número de hélices. Aquí temos a forma que debe ter o papel para cada caso, e como resulta despois.


Con dúas ás



Con tres ás



Con seis ás.



- Podemos construír diferentes modelos colorando cada cuadrante dunha cor diferente.